Concello de **Foz**

# **MANUAL** DE IDENTIDADE VISUAL

O proxecto de redeseño do escudo heráldico do Concello de **Foz** buscaba converter este nunha imaxe de marca actual, conseguindo así que se adapte mellor aos soportes dixitáis actuáis.

Definiuse unha cor corporativa: o marrón empregado pola entidade na súa páxina web.

Os elementos heráldicos do mesmo manténense dentro do escudo actual:

- **coroa**
- **fragata** con 9 divisións nos mastros, unha por parroquia
- **mar**
- **piñeiros**

Ao manter tódolos elementos, mantense a sua carácter heráldica orixinal.

Concello de **Foz**

# **MANUAL** DE IDENTIDADE VISUAL

## **CONSTRUCIÓN** DA IDENTIDADE

INTRODUCIÓN
DEFINICIÓN E CONSTRUCIÓN DA MARCA
A MARCA, RETÍCULA
ÁREA DE SEGURIDADE
TAMAÑOS MÍNIMOS DE USO
COLORES CORPORATIVOS
TIPOGRAFÍA CORPORATIVA
VERSIÓNS DA MARCA
USOS CORRECTOS / INCORRECTOS

Concello de **Foz**

Este **Manual** de Identidade visual é a guía na que se deben basear tódalas persoas que inteveñan no proceso de realización de calquera deseño vinculado á imaxe do Concello de **Foz.**

Este **Manual** agrupa as ferramentas básicas para o correcto uso e aplicación gráfica do Concello de **Foz** en tódalas súas posibles expresións.

Terá que ser respetado con responsabilidade para así garantir o correcto uso das sinais gráficas, cores, tipografías, material de papelería, etc.

O correcto e consistente uso da marca contribuirá a que academos os obxectivos de identificación e reforzo da mesma.

O bo uso deste **Manual** exixe o compromiso de tódalas entidades ou persoas responsables de interpretar, articular, comunicar e aplicar a marca nos seus diferentes ámbitos, como poden ser empresas de deseño, medios de comunicación, imprentas e empresas de rotulación.

Se o compromiso das persoas e entidades externas ao Concello é moi importante, resulta fundamental a implicación de todo o persoal municipal na correcta aplicación do mesmo.

É un traballo de equipo, no cal todos participamos para facer do Concello de **Foz** unha gran marca.

Concello
de **Foz**

**CONSTRUCIÓN**
DA IDENTIDADE

# 01.

# **DEFINICIÓN** E CONSTRUCIÓN DA MARCA

A marca do Concello de **Foz** estaría composta polo símbolo oe elemento icónico (escudo do Concello) e el logotipo (nome).

- isotipo (ou parte gráfica), representado por un redeseño do escudo heráldico do Concello, que se compón dos seguintes elementos: coroa, fragata sobre o mar e tres piñeiros.

- logotipo (ou formación de texto), que desglosa o nome do Concello.

Empregar apropiadamente este distintivo de marca nos diferentes elementos de comunicación é esencial á hora da creación dunha imaxe corporativa cunha gran forza e permanencia, por iso, a continuación explicaránse tódolos usos correctos da mesma.

Este deseño ten como obxectivo ser recoñecido e lembrado con facilidade sen renunciar á filosofía do Concello.

Concello de **Foz**

Concello de **Foz**

A retícula ten, como obxectivo, marcálas pautas e proporcións do imagotipo.

Tamén axudará, na hora de ser replicado, ver se existen distorsións.

Baseándonos nesta, o imagotipo poderá ser reproducido en cualquera das soportes, sexa cal sexa a sua dimensión ou medio de reprodución.

De seguido, podemos advertir a retícula do imagotipo.







# 02.

## A MARCA
RETÍCULA

# 03.

## **ÁREA** DE SEGURIDADE

Establecer unha área de seguridade do imagotipo garante a independencia visual do mesmo respecto do resto de elementos gráficos, facilitando así a sua inmediata identificación.

A área de seguridade refierese as distancias mínimas que se teñen que manter co imagotipo cando este vaia acompañado de texto, fotografías, ilustracións, etc.

No entorno online marcaremos unha área de seguridade menor posto que os tamaños establecidos de tipografía son maiores, entón nos se dificultaría tanto a lexibilidade do imagotipo.

No caso do offline atopámonos con maiores problemas posto que hai soportes con moita difereza de tamaños uns doutros, entón a área de seguridade terá que ser maior para poder respectar o espazo do imagotipo respecto doutros elementos, respectando así o impacto visual de este.




Offline







Online



Os tamaños empregados do imagotipo nos diferentes soportes serán os precisos para cada caso, e siempre conservando as proporcións descritas neste manual; non obstante, será necesario establecer un tamaño mínimo para a sua correcta lexibilidade:

**Versión vertical:**
- 8mm de ancho, o su equivalencia:
- tipografía 5,45 pt

**Versión horizontal:**
- 15mm de ancho, o su equivalencia:
- tipografía 5,05 pt

É fundamental respectar un tamaño mínimo para a correcta lexibilidade do imagotipo.

8mm

Concello de **Foz** | Tipografía 5,42 pt

Tipografía 5,05 pt

Concello de **Foz**

15mm

# 04.

## **TAMAÑOS** MÍNIMOS DE USO

# 05.

## CORES CORPORATIVOS

A gama cromática queda establecida por unha única cor: Pantone 491 C.

A aplicación desta cor debe manterse inalterable, non admitíndose aproximacións cromáticas respecto da definida; xa que as desviacións desvirtúan a configuración da imaxe visual.

A gama cromática resulta un aspecto altamente identificador na comunicación da imaxe corporativa.

Por isto, e co obxecto de manter inalterable a identidade visual normalizáronse estas tons exactas para a sua aplicación.

## **Pantone** 491 C

**C:** 31%
**M:** 84%
**Y:** 67%
**K:** 39%

**R:** 130
**G:** 49
**K:** 51

**#**823133

O logotipo (formación de texto do imagotipo) está realizado partindo de dúas fontes (Concello de) **(Foz).**

Estas serán as corporativaa e empregaránse en todo tipo de soportes, offline e online.

- **Rockwell bold** empregada para tirulares
- Poppins empregada para texto corrido e datos (tipografía principal da marca)

**Rockwell Bold:**

**Aa**

**ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRST UVWXYZ**
**abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz**
**0123456789(.,;:¿?¡!"@%&-)**

Poppins Light

Aa

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTU VWXYZ
abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
0123456789(.,;:¿?¡!"@#%&-_)

Poppins Medium

Aa

ABCDEFGHIJKLMNÑOPQRSTU VWXYZ
abcdefghijklmnñopqrstuvwxyz
0123456789(.,;:¿?¡!"@#%&-_)

# 06.

## TIPOGRAFÍA CORPORATIVA

# 07.

# **VERSIÓNS** DA MARCA (ONLINE)

O imagotipo aplicaráse, sempre que sexa posible na súa versión principal. No caso de que non sexa posible por razóns técnicas empregarase a versión modificada.

Desta forma obtemos 2 versións:

- versión principal.
- versión negativa.

Debese asegurar, en tódalas aplicacións do imagotipo, a máxima visibilidade, lexibilidade e contraste; así, cando o imagotipo sexa aplicado sobre fondos regulares, irregulares ou fotografías, farase sempre empregando a versión máis axeitada en función da luminosidade do fondo e se este non se vise ben, empregarase un background en cores corporativas con opacidade non inferior ao 30% nin superior ao 50%.

Principal

Negativa

Como no caso do entorno online, o imagotipo aplicarase, sempre que sexa posible na súa versión principal. No caso de que non sexa posible por razóns técnicas, empregarasa a versión modificada.

Desta forma obteremos 3 versións:
- versión principal.
- versión negativa.
- versión tintas negras.

Obtemos unha versión a maiores nosector offline por mor dos empastes de cor nas pantallas e luminosos.

A versión en tintas negras empregarase no caso de que as impresións non poidan ser a cor, ou se requira o b&N por algún motivo externo.

Tintas negras

Negativa

# 08.

## **VERSIÓNS** DA MARCA (OFFLINE)

# 09.

# **USOS CORRECTOS** DA MARCA

Para evitar resultados non desexados na posta en práctica da marca, téñense que seguir unha serie de normas xenéricas.

Co obxectivo de non debilitar a mensaxe visual da marca é fundamental evitar os efectos contraproducentes na súa aplicación.

A máxima visibilidade, lexibilidade e contraste teñen que asegurarse en tódalas aplicacións, así, para elementos corporativos aplicaranse as versións citadas nas páxinas anteriores.

Se o logotipo ten que ser aplicado sobre fondos non corporativos ou fotografías, debe ser aplicado en branco o cores corporativas, en función da luminosidade do fondo.



# 10.

# **USOS INCORRECTOS** DA MARCA

O imagotipo ten unhas medidas e proporcións relativas determinadas polos criterios de composición, xerarquía e funcionalidade.

En ningún caso poderá haber modificacións destos tamaños e proporcións.

Aplicación incorrecta de cores corporativas

Aplicación incorrecta de tipografía

Aplicación incorrecta de espaciados

Aplicación incorrecta de proporcións e formas

Aplicación incorrecta de tamaños

Concello
de **Foz**